

ACTA DA REUNIÓN ONLINE REALIZADA POLA XUNTA DIRECTIVA DA F.G.P. 22-04-2016

Con data vinte dous de abril de dous mil dezaseis, realizouse unha consulta online a Xunta Directiva da Federación Galega de Piragüismo con resposta d@s directiv@s que se adxuntan:

Presidente	D. José Alfredo Bea Garcia.
Vicepresidente 1º	
Vicepresidente 2º - Delegado de Pontevedra	D. Angel Barreiro Barreiro.
Responsable árbitros	D. Darío Tiago López.
Responsable Kaiak de Mar	D. Carlos Besada Rico.
Responsable Slalom/Augas Bravas	D. Elías Aaron Rey Núñez.
Delegado Provincial Lugo	D. Martín Carballo Méndez.
Delegado Provincial Ourense	D. José M. Fernández Ortega.
Delegado Provincial A Coruña	D. Francisco C. Rodríguez Romero.
Responsable de Prensa	D. Rubén Tobio Eiras.
Vocal 1º	D. Elías Rial Martínez.
Vocal 2º	Dona Araceli Menduiña Santome.
Representante Deportistas	D. Oscar Graña Blanco.
Asesor Presidente	D. Jaime Corral Barreiro.
Secretario (con voz, pero sen voto)	D. Félix José Lamas Gondar.
Tesoureiro (con voz, pero sen voto)	D. Marcos Cid Pérez.

- En gris, non respostaron a consulta feita online.

1.- APROBACIÓN DO CONVENIO TIPO PARA EMPRESAS OU ENTIDADES QUE POIDAN PRESTAR SERVICIO DE CAFETERÍA OU BAR NO COMPLEXO DEPORTIVO DAVID CAL.

Enviase a tod@s @s membr@s da Xunta Directiva da Federación Galega de Piragüismo, o convenio tipo para a súa aprobación.

Este convenio é para empresas ou entidades que poidan prestar ou presten, servizo de cafetería ou bar no Complexo Deportivo David Cal,

Con este convenio garantízase o cumprimento da legalidade vixente, evitando posibles problemas a FGP, no caso da prestación dun mal servizo ou uso da instalación.

Os membros da X.D. que respostaron a esta consulta online (total 10 membros da XD) aproban por unanimidade o convenio tipo presentado.

E sin máis asuntos que tratar, dase por finalizada a data de 22 de abril de 2016.

Visto e Prace Presidente.

Asdo. Félix José Lamas Gondar.

José Alfredo Bea García.

Secretario.

ACTA DA REUNIÓN DA XUNTA DIRECTIVA DA F.G.P. DO 04-05-2016

Na cidade de Pontevedra sendo as 19,45 horas do catro de maio de dous mil dezaseis, reunidos con carácter **ordinario** os señor@s sinalados o comezo da presente acta, todos eles convocados polo Sr. Presidente da Federación Galega de Piragüismo, no local da Federación Galega de Piragüismo sito nas Instalacións Deportivas do Encoro do Pontillón do Castro (Verducido), tomando os seguintes acordos:

Presidente	D. José Alfredo Bea Garcia.
Vicepresidente 1º	
Vicepresidente 2º - Delegado de Pontevedra	D. Angel Barreiro Barreiro.
Responsable árbitros	D. Darío Tiago López.
Responsable Kaiak de Mar	D. Carlos Besada Rico.
Responsable Slalom/Augas Bravas	D. Elías Aaron Rey Núñez.
Delegado Provincial Lugo	D. Martín Carballo Méndez.
Delegado Provincial Ourense	D. José M. Fernández Ortega.
Delegado Provincial A Coruña	D. Francisco C. Rodríguez Romero.
Responsable de Prensa	D. Rubén Tobio Eiras.
Vocal 1º	D. Elías Rial Martínez.
Vocal 2º	Dona Araceli Menduiña Santome.
Representante Deportistas	D. Oscar Graña Blanco.
Asesor Presidente	D. Jaime Corral Barreiro.
Secretario (con voz, pero sen voto)	D. Félix José Lamas Gondar.
Tesoureiro (con voz, pero sen voto)	D. Marcos Cid Pérez.

- En gris, non asistiron.

1.- LECTURA E APROBACIÓN, SI PROCEDE, DA ACTA ANTERIOR (22-04-2016).

Aprobada por unanimidade.

2.- ASUNTOS ECONÓMICOS.

O tesoureiro, Marcos Cid da conta do resultado económico do exercicio 2015; de cara a ser presentado na Asamblea Xeral Ordinaria que se vai convocar só para temas económicos. Presentase un orzamento que ronda os 483.000€; uns gastos en 2015 que superaron os 701.000 e onde se recolle unha provisión de fondos de 77.000 €; presentando como resultado final do exercicio 2015 un superavir de aproximadamente 50.000 €.

3.- ASUNTOS VERDUCIDO: A) NORMATIVA XERAL DA INSTALACIÓN. B) NORMATIVA BARES-CAFETERÍAS INSTALACIÓN-CONVENIO TIPO BAR.

Xa tratada na consulta online realizada o 22-04-2016; dase por enterada a Xunta Directiva.

4.- DISPOSICIÓN DE PUBLICACIÓN NO BOP PROTECCIÓN DE DATOS FGP.

Aprobase por unanimidade.

5.- CONVENIO SLALOM GALICIA-PORTUGAL 2016.

A idea e facer dúas regatas de liga en Galicia (non afectan as ligas) e ir a dúas regatas en Portugal, facendo unha liga internacional con estas catro regatas. Carlos Besada plantexa que se podía levar este tema da Liga Internacional ó Kaiak de Mar. Aprobase por unanimidade.

6.- ORZAMENTOS WEB (TOBIO).

Rubén Tobio expón, que ante os problemas que estamos a padecer na páxina web, deberíase buscar outra empresa que a deseñe e a leve (o programa de xestión levaríano os mesmos). Presentando tres orzamentos que van dende os 3.000 € ata os 1.500 €

O Presidente indica que ante o traballo feito ata o de agora, propón agardar ata fin de temporada e logo decidir.

Acordase que a empresa máis económica vaia traballando coa nova páxina, deixando o cambio da mesma ata o final da temporada.

7.- SOLICITUDES DE PAGO GASTOS POR ASISTENCIA O CAMPIONATO GALEO DE INVIERNO, SUSPENDIDO: CLUB ALTRUAN E CLUB CIDADE DE LUGO.

Acceptase o abono do 50% do reclamado.

8.- SOLICITUDE DE CARLOS BESADA RICO, DE INTRODUCIR A DEBATE A INSCRIPCIÓN POPULAR EN TODO TIPO DE REGATAS (FEDERADOS E NON FEDERADOS).

Carlos Besada propón introducir a inscrición popular en todas as regatas, que poderían salir despois dos participantes oficiais e podría supoñer un aumento da actividade e xerar ingresos.

Entre as ideas que xurden no debate, falase de poder facer isto a través dunha empresa; previamente poñer a funcionar a pasarela de pago de cara a poder facer as inscricións e os pagos; crear as condicións que tería dos inscritos, etc.

Acordando preguntar sobre este asunto o asesor xurídico.

9.- CONVOCATORIA DE ASAMBLEA EXTRAORDINARIA PAR A PROBAIÓN DE CONTAS E PECHÉ ECONÓMICO.

Asamblea Xeral Extraordinaria par ao día 29 de maio; 10,00 h. en primeira convocatoria e 10,30 h., en segunda.

- Peché económico 2015.
- Aprobación modificación Estatutos.

10.- ASUNTOS VARIOS.

O Presidente informa da intención da Deputación de A Coruña de facilitar axudas os clubs para a compra de furgonetas.

Entre as prioridades que deberían recoller as bases; falase de clubs que non dispoñan de furgoneta; antigüidade da furgoneta que teñan; actividade nacional; actividade autonómica..... Quedando de enviar un escrito a Deputación de A Coruña cos criterios que deberían recoller nesas bases de concesión de estas axudas.

Asimesmo tratouse a participación de Artur Pereira nunha regata de Kaiak de Mar con licenza por un club galego, cando pode ter licenza nun club portugués.

Acordase trasladar o asunto o Xuíz Único.

Aarón Rey traslada a petición do técnico de slalom no CGTD, Ekin; para solicitar un técnico a RFEP para colaborar co técnico de slalom, dado o número de padexeiros cos que se vai a traballar.

Tamén da conta de unha reclamación de Hector Fernández Iglesias, por gastos dunha concentración se slalom do pasado ano.
Acceptase esta petición por unanimidade.

Tobio da conta de petición de cambio da data de celebración da súa regata; do 6 de agosto polo 25 de xullo; intercambiando a data co club Illa de Arousa.
Queda pendente a confirmación do Club Illa de Arousa, para aceptar este cambio de datas.

José M. Fernández da conta de que houbo xente que quixo comprar licras da Galega, e non se dispón de estas prendas. Polo que propón a venta de licras a través da páxina web e nas regatas (camisetas m/c, camisetas de asas, culote e top para mulleres). Aceptandose esta proposta.

Non habendo máis puntos a tratar, levantase a sesión cando son as 22,25h., dando fe de todo o recollido e asino a presente co visto e praxe do Presidente.

Visto e Praxe Presidente

Asdo. Félix José Lamas Gondar.

José Alfredo Bea García

Secretario.

ACTA DA REUNIÓN DA XUNTA DIRECTIVA DA F.G.P. DO 07-09-2016

Na cidade de Pontevedra sendo as 20,15 horas do sete de setembro de dous mil dezaseis, reunidos con carácter **ordinario** os señor@s sinalados o comezo da presente acta, todos eles convocados polo Sr. Presidente da Federación Galega de Piragüismo, no local da Federación Galega de Piragüismo sito nas Instalacións Deportivas do Encoro do Pontillón do Castro (Verducido), tomando os seguintes acordos:

Presidente	D. José Alfredo Bea Garcia.
Vicepresidente 1º	
Vicepresidente 2º - Delegado de Pontevedra	D. Angel Barreiro Barreiro.
Responsable árbitros	D. Darío Tiago López.
Responsable Kaiak de Mar	D. Carlos Besada Rico.
Responsable Slalom/Augas Bravas	D. Elías Aaron Rey Núñez.
Delegado Provincial Lugo	D. Martín Carballo Méndez.
Delegado Provincial Ourense	D. José M. Fernández Ortega.
Delegado Provincial A Coruña	D. Francisco C. Rodríguez Romero.
Responsable de Prensa	D. Rubén Tobio Eiras.
Vocal 1º	D. Elías Rial Martínez.
Vocal 2º	Dona Araceli Menduiña Santome.
Representante Deportistas	D. Oscar Graña Blanco.
Asesor Presidente	D. Jaime Corral Barreiro.
Secretario (con voz, pero sen voto)	D. Félix José Lamas Gondar.
Tesoureiro (con voz, pero sen voto)	D. Marcos Cid Pérez.

- En gris, non asistiron.

1.- LECTURA E APROBACIÓN, SI PROCEDE, DA ACTA ANTERIOR (22-04-2016).

Aprobada por unanimidade.

2.- ASUNTOS ECONÓMICOS – PECHE CONTAS DO CTO. DE EUROPA DE MARATÓN.

O tesoureiro informa dos ingresos do Campionato de Europa de Maratón, que foron uns 37.000 €, xustificando uns gastos de 23.214 €; polo que a F.G.P. tivo un beneficio duns 14.000 €

A Xunta Directiva dase por enterada.

3.- BASES KDM.

O Presidente informa de que se sigue xestionando o proxecto das Bases KDM, coa homologación da xa pedida, coa creación dunha páxina web, onde se incluírán as actividades e rutas a realizar polas distintas bases, etc.

Indicando que pode ser un importante fomento para o noso deporte de cara o turismo e aportará melloras importantes para os clubs e as empresas que que entren neste proxecto. E na que unha pequena parte do beneficio será para a federación, a través dunha comisión da actividade.

4.- DOSSIER PATROCINIOS.

Informa o Presidente de que se está traballando nun dossier de cara a buscar patrocinadores para as ligas, ofrecendo diferentes soportes para colocar as publicidades: boas, nomes ligas, banderolas, roupa árbitros, etc; incluso Verducido.

Tamén propón que parte do diñeiro que se consiga, contratar unha serie duns 15/20 programas de regatas de piragüismo e entrevistas, para emitir por TV.

5.- LIGA SLALOM 2017 (GALICIA-PORTUGAL).

Asinouse un protocolo, informa o Presidente, coa Federación Portuguesa para crear unha Liga Internacional de Slalom, na que participen equipos galegos e portugueses.

6.- SEDE GALA FIN TEMPORADA 2016.

Acordase enviar proposta os clubs de cara a organización da Asamblea e Gala de esta temporada, coa posibilidade de facer tamén unha cea; e que sexan os clubs que están interesados na organización os que presenten as súas candidaturas.

Elias Rial, opina que se debería facer unha presentación da Liga, e que ambos eventos se deberían facer na mesma data.

7.- CONVOCATORIA FORMATO LIGA 2017 – REUNIÓN CON CLUBS.

Deixase este asunto para tratar noutra reunión en exclusiva, para logo falar cos clubs e levar a súa aprobación a Asamblea.

8.- ASUNTOS VARIOS.

Ante as reclamacións que o Presidente está presentando ante Junta Electoral da RFEP e o TAD, e no caso de que estes organismos rexeiten estas reclamacións; acordase poder interpoñer recurso contencioso administrativo contra as resolucións do TAD desestimatorias das reclamacións efectuadas no proceso electoral polo Presidente da F.G.P.

Elias Rial informa de que deixa de ser membro da Xunta Directiva da F.G.P., xa que abandona a presidencia do Club Ría de Aldán, ante as eleccións que decidirán o novo presidente do devandito club.

O tempo que solicita, que a persoa que sexa elixido como novo Presidente do Ría de Aldán, ocupe o posto que el mesmo deixa vacante na Xunta Directiva da F.G.P.

O Presidente agradece o traballo e apoio realizado por Elias Rial na Xunta Directiva da F.G.P. durante estes anos.

Non habendo máis puntos a tratar, levántase a sesión cando son as 21,40h., dando fe de todo o recollido e asino a presente co visto e prace do Presidente.

Visto e Prace Presidente

Asdo. Félix José Lamas Gondar.

José Alfredo Bea García

Secretario.

ACTA DA REUNIÓN DA XUNTA DIRECTIVA DA F.G.P. DO 02-10-2016

Na cidade de Pontevedra sendo as 10,40 horas do dous de outubro de dous mil dezaseis, reunidos con carácter **extraordinario** os señor@s sinalados o comezo da presente acta, todos eles convocados polo Sr. Presidente da Federación Galega de Piragüismo, no local da Federación Galega de Piragüismo sito nas Instalacións Deportivas do Encoro do Pontillón do Castro (Verducido), tomando os seguintes acordos:

Presidente	D. José Alfredo Bea Garcia.
Vicepresidente 1º	
Vicepresidente 2º - Delegado de Pontevedra	D. Angel Barreiro Barreiro.
Responsable árbitros	D. Darío Tiago López.
Responsable Kaiak de Mar	D. Carlos Besada Rico.
Responsable Slalom/Augas Bravas	D. Elias Aaron Rey Núñez.
Delegado Provincial Lugo	D. Martín Carballo Méndez.
Delegado Provincial Ourense	D. José M. Fernández Ortega.
Delegado Provincial A Coruña	D. Francisco C. Rodríguez Romero.
Responsable de Prensa	D. Rubén Tobio Eiras.
Vocal 1º	D.
Vocal 2º	Dona Araceli Menduiña Santome.
Representante Deportistas	D. Oscar Graña Blanco.
Asesor Presidente	D. Jaime Corral Barreiro.
Secretario (con voz, pero sen voto)	D. Félix José Lamas Gondar.
Tesoureiro (con voz, pero sen voto)	D. Marcos Cid Pérez.

- En gris, non asistiron.

1.- REGULAMENTOS, 1ª e 2ª DIVISIÓN, LIGA 2017.

Convoca o Presidente esta reunión da X.D., para pechar pequenos frechos dos regulamentos que se foron vendo o longo da temporada. Así como para facer o reparto de equipos en 1ª e 2ª División nas distintas Ligas tal e como foi aprobado na Asamblea, e o mesmo tempo adiantar a proposta da nova Liga 2017 que será presentada aos clubs e logo levada a Asamblea.

Despois dun logo debate, tomanse os seguintes acordos:

REGULAMENTOS:

- Cadetes que nos galegos de pista poden subir a xuvenís (o ser dous campionatos diferentes), non poidan remar máis regatas, nin distancias que as propias da categoría cadete. (Fredí)
- Xuvenís, deberán participar sempre con chaleco salvavidas, aínda que particen na categoría senior. (Fredí)
- Veteranos, nas regatas de pista, no caso de que existan categorías que non cubran as nove calles, podranse compretar con varias categorías, aínda que a clasificación e medallas faranse por separado. (Fredí)
- KDM, o comité de esta modalidade deberá presentar unha proposta onde se recolla: igualar as ligas as demais ligas galegas, aclarar o baremos dos padexeiros a nivel individual, revisar as categorías a participar na liga de KDM. (Carlos e outros)
- Indicar os organizadores de que equiparen as categorías masculinas e femininas; e decidir: nas regatas onde se dispute K-2 senior masculino, tamén recolla o K-2 senior feminino, e así en calquer categoría. (Martín).

- A puntuación individual para deportistas infantís, alevíns e benxamíns; sexa para todos iguais. (Tobio).
- Tamén se valora a posibilidade de incluír previsión de horarios nas regatas de pista.
- Tempo de peche de control nas regatas de pista: manter o tempo de peche de control nas contrarreoloxos; aumentando o tempo de control nas finais para senior, xuvenil, cadete e veteranos, que serán:
45 seg. – 1.000 m.
30 seg. – 500 m.
15 seg. – 200 m.

1ª e 2ª División:

- Reparto de clubs nas distintas Ligas, en 1ª e 2ª División;
- 1ª División masculina, os 15 mellores equipos clasificados en cada Liga; pasando a 2ª División o resto dos equipos participantes na Liga e novos equipos.
- 1ª División feminina, os 10 mellores equipos clasificados en cada Liga; pasando a 2ª División o resto dos equipos participantes na Liga e novos equipos.
- Para ascensos e descensos, estableceuse 3 prazas nas Ligas masculinas e 2 prazas na Liga feminina.
- Para pertencer a 1ª División, os equipos terán que, como mínimo, participar no 50% das regatas; o equipo que non cumplan, baixarán a 2ª División.

Farase o reparto de equipos nas Ligas en 1ª e 2ª División según o acordado na assemblea xeral, e remitir a proposta anterior a C.D. para a súa aprobación, pendente da ratificación da mesma na vindeira assemblea.

PROPOSTA DE NOVO FORMATO DA LIGA GALEGA DE PIRAGÜISMO 2017.

- Crear o “Comité da Liga” para xestión da mesma, ver composición e elección de dos seus membr@s.
- Creación dunha conta na que se xestionen, en exclusiva, os cartos da Liga.
- Creación dun canon para os clubs, propónse a cantidade de 750 €/club.
- Na Liga podrán participar e competir todos os clubs de Galicia; para entrar no reparto económico de premios, os clubs deberán abonar o canon establecido ou ser organizador dunha regata.
- Contratarase a produción de imaxes para 15/20 programas de TV, de regatas e entrevistas.
As imaxes e as entrevistas, irán dirixidas os clubs organizadores e que hubesen pagado o canon establecido.
- Propónse a posibilidade de desvotar unha ou dúas regatas o final da Liga, para a clasificación final.
- De cara a manter o interese da competición ata o final da mesma, e dado o carácter histórico das regatas que se celebran no mes de setembro; propónse que unha ou dúas das regatas finais, puntuen o dobre que o resto.
- Os gastos de arbitraje deberán ser abonados polo organizador con dez días de antelación a celebración do evento.
- Busqueda de patrocinadores da Liga, ingresos que serán dirixidos o reparto da Liga e difusión da mesma, (TV).

2.- CESIÓN DE DEREITOS A BBVA (PÓLIZA DE CRÉDITO).

Propónse a cesión dos dereitos de cobro derivados do convenio de colaboración suscrito coa Secretaría Xeral para o deporte, a favor do BBVA, como garantía adicional da póliza suscrita coa devandita entidade banacaria por importe de 150.000€ (ciento cincuenta mil euros).

Aprobábase por unanimidade.

Non habendo máis puntos a tratar, levántase a sesión cando son as 14,30h., dando fe de todo o recollido e asino a presente co visto e prace do Presidente.

Visto e Prace Presidente

Asdo. Félix José Lamas Gondar.

José Alfredo Bea García

Secretario.

ACTA DA REUNIÓN DA XUNTA DIRECTIVA DA F.G.P. DO 02-11-2016

En Pontevedra sendo as 20,10 horas do dous de novembro de dous mil dezaseis, reunidos con carácter **ordinario** os señor@s sinalados o comezo da presente acta, todos eles convocados polo Sr. Presidente da Federación Galega de Piragüismo, no local da Federación Galega de Piragüismo sito nas Instalacións Deportivas do Encoro do Pontillón do Castro (Verducido), tomando os seguintes acordos:

Presidente	D. José Alfredo Bea Garcia.
Vicepresidente 1º	
Vicepresidente 2º - Delegado de Pontevedra	D. Angel Barreiro Barreiro.
Responsable árbitros	D. Darío Tiago López.
Responsable Kaiak de Mar	D. Carlos Besada Rico.
Responsable Slalom/Augas Bravas	D. Elias Aaron Rey Núñez.
Delegado Provincial Lugo	D. Martín Carballo Méndez.
Delegado Provincial Ourense	D. José M. Fernández Ortega.
Delegado Provincial A Coruña	D. Francisco C. Rodríguez Romero.
Responsable de Prensa	D. Rubén Tobio Eiras.
Vocal 1º	D. Gustavo Adolfo Marcelino Canosa
Vocal 2º	Dona Araceli Menduiña Santome.
Representante Deportistas	D. Oscar Graña Blanco.
Asesor Presidente	D. Jaime Corral Barreiro.
Secretario (con voz, pero sen voto)	D. Félix José Lamas Gondar.
Tesoureiro (con voz, pero sen voto)	D. Marcos Cid Pérez.

- En gris, non asistiron.

Previo o inicio do tratamento da orde do día, faise a presentación de Gustavo Adolfo Marcelino Canosa (novo presidente do Club Ría de Aldán), como novo membro da Xunta Directiva da Federación Galega de Piragüismo.

1.- APROBACIÓN, SI PROCEDE, DAS ACTAS ANTERIORES (07-09-16) e (02-10-16).

Ponse a votación as actas das anteriores reunión da X.D. con data de 07-09-16 e de 02-10-16; sendo aprobadas por unanimidade.

2.- CALENDARIO PARA A CONVOCATORIA DA ASAMBLEA XERAL ORDINARIA E SEDE PARA A SÚA CELEBRACIÓN.

Para a celebración da Asamblea Xeral Ordinaria e da Gala do Piragüismo Galego, só se presentou como sede a proposta de Rianxo (anexo I), sendo aprobado que este sexa o lugar de celebración destes eventos.

Así mesmo, e sabendo do posible interés de Vigo por organizar estes actos, aínda que finalmente non presentou a proposta. Por elo, acordase ofrecerlle a Vigo a posibilidade de organizar o acto de presentación da Liga 2017, que se celebraría na data de 11 ou 12 de febreiro.

Presentase o seguinte calendario de cara a convocatoria da Asamblea Xeral Ordinaria

Data	
02-11-2016	Reunión X.D. para aprobar o calendario Asamblea. Elección premios X.D.
03-11-2016	Apertura prazo de presentación de propostas a incluir na Orde do día da Asamblea.
05-12-2016	Fin de prazo de presentación de propostas a incluir na Orde do Día da Asamblea
12-12-2016	- C.D. para a elaboración do informe previo á aprobación do orzamento - X.D. para elaboración da Orde do Día definitiva da Asamblea
19-12-2016	Convocatoria de Asamblea Xeral da F.G.P.
14-01-2016	Asamblea Xeral Ordinaria da F.G.P. Gala do Piragüismo Galego

Posto a votación, aprobouse por unanimidade.

3.- PREMIOS X.D. 2016.

De cara a entrega de premios da X.D. da temporada 2016 na Gala do Piragüismo Galego, a Xunta Directiva fai un debate entre os propostas realziadas nas diferentes modalidades dos premios, resultando eleixidos @s seguintes premiados:

- Mellor deportista masculino: Cristian Toro.
- Accesits: Oscar Carrera e Rodrigo Germade.
- Mellor deportista feminina: Teresa Portela.
- Mellor Promesa Masculina: David Barreiro (augas tranquilas) e Manuel Ochoa (slalom).
- Mellor Promesa Feminina: Camila Morison e Natalia García (augas tranquilas) e Ainoha Lameiro (slalom).
- Mellor Adestrador: Daniel Costa Bouzada.
- Premio Especial Adestrador: Miguel García (por ser o adestrador dos dous últimos Campións Olímpicos do noso deporte: Carlos Pérez "Perucho" e Cristian Toro).
- Premio pola investigación e aumento do coñecemento do noso deporte, como Director do Simposio de Adestradores de Catoira: Manuel Isorna.
- Mellor Club: Breogán (augas tranquilas), Penedo (slalom).
- Mellor Árbitro: Lucía Fernández Espiño.
- Mellor Regata Organizada: Descenso do Eume (50º aniversario).
- Accesit: Princesa de Asturias, pola recuperación do trazado de Portonovo-Pontevedra.
- Mellor Medio de Comunicación: Grupo La Región (+deporte, teleminho).
- Mellor Colaborador: BRILAT.
- Traxectoria Deportiva: Oscar Graña e Ramón Ferro.
- Premio Especial da Xunta Directiva: Santiago Pablo Leyenda Villar (polo seu traballo como fotógrafo "oficial" do piragüismo galego e o cariño amosado o noso deporte e os seus deportistas nas redes sociais e o carácter altruista do seu traballo).

4.- LIGA 2017.

Acordase ter unha reunión o sábado día 12 de novembro con todos os clubs interesados, para presentar as propostas de modificación e organización da Liga 2017 de augas tranquilas.

Entre outros cambios, xa recollidos na reunión do 2 de outubro; esta o da creación do "Comité da Liga" que se recollerá nos Estatutos para o que se fará que unha modificación nos estatutos, tras a súa aprobación por parte da assemblea.

Asimismo acordase a proposta para presentar os clubs e assemblea dos canons de regatas e reparto dos mesmos:

PROPOSTA CANON REGATAS 2017.

- Gastos organización: oficina+arbitraxes.
- Gastos Comité da Liga: televisión, soportes publicidades, etc.

REGATAS DE RIOS E TRAVESÍAS 2017				
NIVEL	CANON	GASTOS ORGANIZACIÓN	GASTOS COMITÉ DA LIGA	TOTAL PARA PREMIOS
I	6.000	1.500	1.000	3.500
II	4.500	1.500	500	2.500
III	3.000	1.500	250	1.250
REGATAS INFANTÍS				
Galegas	3.000	1.500	250	1.250

Para modalidade de kaiak de mar, o propio comité, fará unha reunión cos clubs implicados na que lle fará chegar unha proposta sobre o canon das regatas.

Na pasada reunión da XD, acordáronse varios cambios nos regulamentos correspondentes, para que a puntuación para as categorías: infantil, alevín e benjamín; sexa igual para todos. Acordándose nesta reunión, que a puntuación a utilizar será a que ata o de agora utilizabase na categoría infantil "A", e decir: 1º 230 puntos, 2º 227 puntos, 3º 224 puntos, 4º 222 puntos, 5º 221 puntos, etc.

De cara a contratación e produción de imáxenes para 15/20 programas de TV, de regatas e entrevistas. Presentanse catro orzamentos de diferentes empresas para a produción de vinte programas para ser emitidos pola TVG2, que de ter unha boa calidade, tamén serían emitidos por outras canles internacionais, según directivos de deportes da canle autonómica. Por elo, optase polo orzamento presentado pola empresa "Quadra Producciones", que ofrece unha maior calidade e un produto máis vendible.

O presidente tamén da conta de que imos ter colaboración da Secretaría Xeral para o Deporte para sacar adiante este proxecto e, asimismo; que se asinará un "convenio" coa TVG onde se recollerá a forma de difusión e emisión dos programas producidos.

5.- OUTROS ASUNTOS.

- Presidente informa da tramitación que se está a levar adiante para a creación dun Centro de Estudos nas instalacións de Verducido, co que a FGP pasaría a dispoñer dun instituto propio. Neste centro podranse dar os cursos técnicos de piragüismo de augas bravas, augas tranquilas e recreativo; así como os bloques comuns correspondentes.
- Dase conta da proposta de actividade da Comisión Técnica da FGP (anexo II), dende novembro 2016 ata abril 2017; @s membros da XD danse por enterados.
- Dase conta do escrito presentado polo Club Ría de Aldán, no que se informa da nova Xunta Directiva elegida en Asamblea, que elixeu a Gustavo Adolfo Marcelino Canosa como Presidente.
- **Auditoría Contas 2015**, o tesoreiro presenta e informa a documentación realizada pola empresa auditora das contas do exercicio 2015. Nestas contas elimináronse saldos "mortos" que existían de gastos e cobros antigos de difícil pago, e outras variacións das que da conta o tesoreiro; ofrecendo o exercicio 2015 no seu peche un beneficio de 157.000 €.

Non habendo máis puntos a tratar, levántase a sesión cando son as 23,00h., dando fe de todo o recollido e asino a presente co visto e prace do Presidente.

Visto e Prace Presidente

Asdo. Félix José Lamas Gondar.

José Alfredo Bea García

Secretario.

ACTA DA REUNIÓN DA XUNTA DIRECTIVA DA F.G.P. DO 12-12-2016

En Pontevedra sendo as 19,05 horas do doce de decembro de dous mil dezaseis, reunidos con carácter **ordinario** os señor@s sinalados o comezo da presente acta, todos eles convocados polo Sr. Presidente da Federación Galega de Piragüismo, no local da Federación Galega de Piragüismo sito nas Instalacións do Centro Deportivo David Cal en Verducido, tomando os seguintes acordos:

Presidente	D. José Alfredo Bea Garcia.
Vicepresidente 1º	
Vicepresidente 2º - Delegado de Pontevedra	D. Angel Barreiro Barreiro.
Responsable árbitros	D. Darío Tiago López.
Responsable Kaiak de Mar	D. Carlos Besada Rico.
Responsable Slalom/Augas Bravas	D. Elias Aaron Rey Núñez.
Delegado Provincial Lugo	D. Martín Carballo Méndez.
Delegado Provincial Ourense	D. José M. Fernández Ortega.
Delegado Provincial A Coruña	D. Francisco C. Rodríguez Romero.
Responsable de Prensa	D. Rubén Tobio Eiras.
Vocal 1º	D. Gustavo Adolfo Marcelino Canosa
Vocal 2º	Dona Araceli Menduiña Santome.
Representante Deportistas	D. Oscar Graña Blanco.
Asesor Presidente	D. Jaime Corral Barreiro.
Secretario (con voz, pero sen voto)	D. Félix José Lamas Gondar.
Tesoureiro (con voz, pero sen voto)	D. Marcos Cid Pérez.

- En gris, non asistiron.

1.- APROBACIÓN, SI PROCEDE, DA ACTA ANTERIORES (02-11-16).

Ponse a votación a acta da anteriores reunión da X.D. con data de 02-11-16; sendo aprobada por unanimidade.

2.- INFORME PRESIDENTE.

- Presidente informa de cómo se confeccionaron os ornamentos 2017 por parte do tesoureiro, e das reunións e negociacións mantidas previamente.
- Tamén explica a nova valoración que fará a Secretaría Xeral para o Deporte para o reparto de axudas entre as distintas federacións deportivas galegas.
- Asimismo, explica a motivación da creación do "Comité da Liga" de cara a profesionalización e mellora da competición.
- O Presidente tamén vai manter unha reunión coa Subdirectora de Deporte, para falar das deficiencias e melloras para as instalacións de Verducido. E no informe solicitado sobre as melloras a afrontar acordanse as seguintes. 1.- Videofinish Verducido e saída slalom; 2.- cubrir grada e instalacións de asientos; 3.- completar estanterías nos hangares, 4.- bungalows; 5.- wifi megafonía; 6.- estación metereolóxica, 7.- adecuación ximnasio; 8.- adecuación cafetería; 9.- dotar de enerxía eléctrica as saídas.

3.- PROPOSTAS DOS CLUBS PARA A SÚA INCLUSIÓN NA ASAMBLEA XERAL ORDINARIA DO 14-01-2017.

C.N. O Muíño de Ribadumia presentou unha proposta para a "Liga Galega de Promoción de Slalom", solicitando a "**Eliminación dos millajes en todas as categorías base**".

A Xunta Directiva acordou non incluír esta proposta na Asamblea Xeral Ordinaria, polos seguintes motivos:

- a) A proposta non recolle os avais suficientes para ser incluída na Asamblea.
- b) Os clubs de slalom, xunto co técnico responsable da área; mantiveron unha reunión con data 26 de outubro, na que se consensou, entre outras cousas; o regulamento para a temporada 2017.

Club Naval de Pontevedra presentou dúas propostas para ser incluídas na Asamblea Xeral Ordinaria:

1.- Modificación da Liga Galega, coa creación por separado de unha Liga Galega de Ríos e Travesías, e de unha Liga Galega de Sprint; así como un reparto de premios no que o 60% sería para a Liga de Sprint e o 40% para a Liga de Ríos e Travesías.

A Xunta Directiva acordou non incluír esta proposta na Asamblea Xeral Ordinaria, polos seguintes motivos:

- a) A proposta non recolle os avais suficientes para ser incluída na Asamblea.
- b) Esta modificación da Liga Galega, vai en contra da liña de sistema de competición acordada en Asamblea nos últimos anos.
E dende a Xunta Directiva da F.G.P. vaise propoñer a Asamblea a creación do "Comité da Liga", que será o órgano oportuno para debater este e outros asuntos, que logo deberán ser refrendados pola Asamblea.

2.- Cambio no Sistema de Puntuación nas Regatas, na que se puntuaría un punto por participante, bonificando os tres primeiros clasificados.

A Xunta Directiva acordou non incluír esta proposta na Asamblea Xeral Ordinaria, polos seguintes motivos:

- a) A proposta non recolle os avais suficientes para ser incluída na Asamblea.
- b) Esta mesma proposta, ou similar; xa foi levada na Asamblea da pasada tempada, sendo rechazada.

A **Escuela de Piragüismo Ciudad de Pontevedra** presentou catro propostas para ser incluídas na Asamblea Xeral Ordinaria:

1.- Participación da embarcación C-2 no maior número de regatas.

A Xunta Directiva acordou asumir esta proposta dentro dos propios cambios que vai a presentar a X.D. na Asamblea Xeral Ordinaria.

Deixando a posibilidade de que os organizadores de descensos de ríos cuio trazado non permita a navegación do barco dobre de canoa, poida solicitar a F.G.P. a non inclusión do mesmo na súa regata.

2.- Nas regatas que incluía a participación do K-2 home, tamén participen o K-2 muller.

A Xunta Directiva xa tiña previsto incluír este cambio dentro da proposta que vai a presentar na Asamblea Xeral Ordinaria.

3.- Creación das categorías: K-2 mixto, C-2 mixto, K-4 mixto e C-4 mixto.

A Xunta Directiva acordou asumir esta proposta dentro dos propios cambios que vai a presentar a X.D. na Asamblea Xeral Ordinaria.

Este cambio, fariase a modo de proba; incluírse para fomentar a participación e para que os deportistas non queden sin remar. E só será para regatas nas que non participen embarcacións individuais, non puntuarán para a clasificación por clubs, facendose unha saída separada para estas embarcacións.

4.- Reparto mellor das regatas do calendario.

Este último punto consideramos que é máis un rogo que unha proposta e dentro das posibilidades faremos o que se poida neste senso.

Indicando que para a confección do calendario temos moitos condicionantes: calendario nacional, calendario internacional, solicitude de data polos propios organizadores de regatas, etc.

Club Penedo de Caldelas de Tuy fixo unha proposta na que solicita o **cambio do artigo 6 do "Reglamento General y Técnico de Competiciones de la R.F.E.P."**

A Xunta Directiva acordou non incluír esta proposta na Asamblea Xeral Ordinaria, polos seguintes motivos:

- a) A proposta non recolle os avais suficientes para ser incluída na Asamblea.
- b) Que a Federación Galega de Piragüismo non é competente para modificar un regulamento da R.F.E.P., polo que instamos o Club Penedo (como membro da Asamblea Nacional), faga chegar a súa proposta a R.F.E.P. para a súa inclusión na Asamblea Xeral Ordinaria da federación nacional.

Outras propostas varias:

- **Categorías barcos de equipos de veteranos:** acordase levar a Asamblea que nos barcos de equipo de veteran@s, se dividan en: veteranos "A" e veteranos "B".
- **Achicadores de pedal:** acordase permitir os achicadores de pedal en regatas de fondo (5.000 m.).
- **24 h. para presentar reclamacións:** acordase permitir a presentación de reclamación, ata 24 h. despois de rematar a regata.
- **Modificación Regulamentos:** acordase incluír nos regulamentos os cambios acordados na anterior X.D. e os acordados na reunión de hoxe.
- **Nova modalidade en Kaiak de Mar:** acordase incluír no regulamento de KDM o "paleo a pé" (a nivel nacional denominada "surfcanoas") como nova modalidade.
- **Clasificación indivial KDM:** establecece unha nova puntuación a nivel individual na modalidade de KDM, en base a proposta do Comité de Kaiak de Mar.

4.- OUTROS ASUNTOS:

- Carlos Besada da conta da inclusión de dous novos Membros de Honra no Comité de Kaiak de Mar.
- José M. Fernández, presenta material e custo de material para dotar os árbitros galegos de uniformidade: pantalón (53 € IVE incluído e logos); parka (35 €); sudadera (15 €); camiseta m/c (18 €) e polo (18€).
Acordase pedir prezo en outras empresas.
- Solicitud do Club Fluvial de O Barco, pedindo axuda para que o seu deportista Adrian Prada Pérez poida afrontar os gastos de estancia en Pontevedra. Deportista que é membro do Grupo de Adestramento do C.G.T.D. como Externo 2, non entrando co mo residente no Centro; polo que ten que afrontar os gastos de estancia en Pontevedra.
A X.D. acorda unha achega de 100 € mensuais (dende outubro), que serán abonados trimestralmente, e pendentes da progresión do deportista, previo informe do adestrador.
- O padexeiro Roi Rodríguez no seu nome e, en nome da Grabiél Pavón e Rubén Millán; informa da súa intención de realizar unha concentración en altura, para o cal se teñen que desprazar a México; solicitando a colaboración da F.G.P.
A X.D. acorda unha achega por convenio de 1.000 € a cada padexeiro, como adianto da axuda da que lles poida corresponder o estar englobados no programa presentado a Xunta "Tokio 2020".

Levantase a sesión cando son as 21,45h., dando fe de todo o recollido e asino a presente co visto e praxe do Presidente.

Visto e Praxe Presidente

Asdo. Félix José Lamas Gondar.

José Alfredo Bea García

Secretario.